

MESA SECTORIAL 5 OUTUBRO 2022

1- Criterios de estabilización derivados da Lei 20/2021

Derivado desta lei hai dúas vías de acceso:

- **Concurso - oposición.** É probable que se manteña a estrutura de baremo que se viña aplicando.
- **Concurso de méritos.** Pendente de negociación, entregarán nun prazo breve un documento de criterios xerais para valorar.

CIG-Saúde reiteramos que esta Lei non vén para acabar coa temporalidade, senón que dificulta os procesos que xa tiñamos e crea desigualdades entre colectivos e incluso dentro da mesma categoría.

2- Outros

- O SERGAS informa que o día 7 publícase en DOG os **criterios de incorporación e ceses** negociados na última Mesa Sectorial.
- O SERGAS presenta **instrucións de incorporación e cese para as tomas de posesión de FEAs de Medicina interna e Traumatoloxía.**
- **Toma de posesión do concurso-oposición de Técnicos Superiores e FEAs** pendentes: en **novembro** xunto coa toma de posesión do concurso de traslados aberto e permanente.
- **Toma de posesión de Facultativos Especialistas en Atención Primaria farase xunto a toma de posesión do concurso de traslados aberto e permanente (CAP) de Médicas/os de familia**, polo que adiantarase o CAP nesta última categoría (probable en **outubro**).
- **Enfermeira/o:** o SERGAS non ten claro incluír na convocatoria actual as prazas deste ano xa que suporía abrir de novo o prazo para anotarse e retrasaría a data do exame. Co que se non houberse modificacións da convocatoria teñen previsto **os exames antes do verán de 2023.**

3- Rogos e preguntas:

- CIG-Saúde denuncia que na área sanitaria de Ourense se deron dúas interinidades na categoría de enfermeira/o cunhas condicións inaceptables (incluía a cobertura de ausencias noutra localidade diferente á propia da interinidade) e insta a que se rectifique. O SERGAS comunica que xa dou instrucións para rectificalo.
- CIG-Saúde solicita novamente as medidas de igualdade pendentes de publicar en DOG e a data probable de publicación.
- CIG-Saúde solicita información sobre cal vai ser o incremento de persoal que ten previsto que vaia nos orzamentos do próximo ano.